

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de setembro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte de setembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor Acctal., *Julio Souto Diz*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34197.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2024.

2.34198.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024 E APROBACIÓN DO LISTADO DE ENTIDADES E GRUPOS INFORMAIS EXCLUÍDOS (Expte.2024002359)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 9 de febreiro de 2024, aprobou a convocatoria e bases reguladoras para a concesión en réxime concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2024, as cales se publicaron no BOPPO nº 33, do 15 de febreiro de 2024.



Previamente, con data de 5 de febreiro de 2024, Intervención emitira informe favorable (CSV: 4L32JMP35FZQ765W) sobre a tramitación do expediente para aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible por importe de 100.000,00€ euros para facer fronte ao gasto con cargo a aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02, emitindo documento RC núm. 202400029293, polo citado importe.

2º. Segundo as bases, o obxecto da subvención é poñer en marcha iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo. A convocatoria está dirixida a apoiar estas iniciativas, promovidas por persoas de entre 18 e 35 anos e asociacións xuvenís que desenvolvan proxectos que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Estas subvencións son incompatibles “(...) coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico contempladas no Orzamento de esta institución para o exercicio de 2024 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio (...)”.

3º. Por tanto, as subvencións están dirixida ás asociacións e grupos informais que cumpran os seguintes requisitos, tanto na data en que finalizou o prazo de presentación de solicitudes coma durante todo o período de vixencia desta convocatoria:

3.1. Para as asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á mocidade:

- Non estar sometidas a ningún réxime asociativo específico.
- Ter sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.
- Acreditar a súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia, no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ou en calquera outro rexistro oficial.

3.2. Para os grupos informais:

- Estar formados por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos.
- O 75 % das persoas que formen parte do grupo deberán estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra
- Propoñer un proxecto de interese xeral e social.

3.3. Tanto as asociacións como as persoas integrantes dos grupos informais deben estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia, coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social; así como non incorrer en ningunha das outras prohibicións sinaladas no artigo 10 da LXG.



4º. Os criterios que se tiveron en conta para valorar as solicitudes (máximo de 100 puntos) son os seguintes:

A) CRITERIOS RELACIONADOS COA ENTIDADE OU CO GRUPO SOLICITANTE (máximo de 40 puntos):

a) Número de habitantes do concello onde estea domiciliada a entidade ou do lugar de residencia do 75 % do grupo informal segundo os datos oficiais de poboación de 2023, publicados polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2024 (máximo de 30 puntos):

- Nun concello de ata 6.000 habitantes: 30 puntos
- Nun concello de 6.001 a 10.000 habitantes: 20 puntos
- Nun concello de máis de 10.000 habitantes: 15 puntos

b) Número de persoas asociadas ou participantes do grupo informal (máximo de 5 puntos):

No caso das asociacións xuvenís:

- Ata 10 persoas asociadas: 2 puntos
- De 11 a 20 persoas asociadas: 3 puntos
- Máis de 20 persoas asociadas: 5 puntos

No caso dos grupos informais:

- Ata 3 persoas: 0 puntos
- De 4 a 5 persoas: 2 puntos
- De 6 a 8 persoas: 5 puntos

c) Achega económica propia (máximo de 5 puntos)

- Achega dun 5 %: 3 puntos
- Achega superior ao 5 %: 5 puntos

B) CRITERIOS RELACIONADOS CO PROXECTO PRESENTADO (máximo de 60 puntos)

Calidade xeral do proxecto: baseada na xustificación da súa fundamentación e na repercusión para a xuventude á que se dirixe, así como a concreción e planificación do proxecto; teranse en conta os seguintes aspectos:

- Estudos previos e datos de campo que motiven a posta en marcha do proxecto (5 puntos):

- Se o proxecto non presenta estudos previos: 0 puntos
- Se o proxecto presenta estudos previos: 5 puntos

- Calidade do contido do proxecto, das actividades e do seu deseño, finalidade e obxectivos (40 puntos):

- Metodoloxía (5 puntos):
 - Valoraranse aspectos coma a motivación, a estrutura, os obxectivos que se pretenden conseguir, o seu impacto social e a metodoloxía proposta
- Duración e continuidade do proxecto (10 puntos):
 - Se a actividade proposta se desenvolve durante menos dun trimestre: 2 puntos
 - Se a actividade proposta se desenvolve durante polo menos 1 trimestre: 6 puntos
 - Se a actividade proposta se desenvolve durante un semestre: 8 puntos
 - Se a actividade proposta é anual: 10 puntos



- Impacto social do proxecto (10 puntos):
 - Local: 5 puntos
 - Comarcal: 8 puntos
 - Provincial: 10 puntos
- Contido do proxecto: fomento de valores de solidariedade, igualdade de xénero, impacto demográfico, respecto ao medio e fomento de hábitos saudables, fomento da investigación (15 puntos)

- Orixinalidade, creatividade e innovación (15 puntos)

5º. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, rexistráronse un total de 27 proxectos.

6º. A instrución do procedemento de concesión correspondeulle á Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observados.

7º. A Comisión de Avaliación prevista no punto 12.2 da convocatoria examinou e avaliou as solicitudes de acordo cos criterios anteriormente indicados, emitindo en data 26 de agosto de 2024 informe de avaliación.

No referido documento, relaciónanse as seguintes entidades e/ou grupos informais:

- Anexo I: Proposta de concesión (CSV: CLZ7D3TH2OPBCRZ2)
- Anexo II: Proposta de exclusión (CSV: 56IW7GM8Q90EIP9X)

8º. En cumprimento do disposto no apartado 12.3 da convocatoria, “*Resolución provisional e reformulación de solicitudes*”, recibido o informe da Comisión de Valoración e informe de Intervención de data 28 de agosto de 2024, onde se indica que: “*Tal como se pon de manifesto no devandito informe proposta, as solicitudes achegadas nesta convocatoria foron 27, das cales:*

- 17 solicitudes compren cos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria.
- 10 foron excluídas (relacionadas no anexo II con CSV: 56IW7GM8Q90EIP9X) polos seguintes motivos:
 - 2 solicitudes por non estar ao corrente das obrigas tributarias
 - 5 solicitudes por non ser obxecto de subvención
 - 3 solicitudes por non contestar ó requirimento en prazo

As solicitudes rexeitadas deben facerse constar de forma expresa no correspondente acordo, tal e como se recolle no artigo 19 no seu apartado 2.b.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións e, no artigo 25.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo consta no informe do Servizo, a valoración aplicada a cada expediente foi realizada en base aos criterios establecidos nas bases reguladoras de estas subvencións.



Aplicouse o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías para obter o reparto que figura no listado adxunto (CSV: CLZ7D3TH2OPBCRZ2).

Das 27 solicitudes presentadas, propónse conceder polo procedemento de concorrencia competitiva un total de 17 por un importe total de 77.038,80 euros.

Na aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02, do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para dito gasto.

O Órgano competente para a aprobación da Resolución definitiva e disposición deste gasto será a Xunta de Goberno, segundo as bases aprobadas para a execución do Orzamento Provincial para o ano 2024”, polo que se informa favorablemente a tramitación dos expedientes “.

9º.- A xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, con data 28 de agosto de 2024, formula proposta de resolución provisional, que figura asinada electrónicamente no expediente con (CSV: G34HO312NPMA487O). A proposta publícase de xeito simultáneo na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e na páxina web, asinada co (CSV: GONZ7WVVV28PL5T6).

Segundo se recolle na base décimo segunda da convocatoria, as entidades propostas como beneficiarias terán un prazo, desde o día seguinte ao da publicación, de dez (10) días para formular alegacións.

10º.- Unha vez rematado o trámite de audiencia o pasado 12 de setembro de 2024, non consta no expediente ningunha petición de reformulación, renuncia ou alegacións segundo o establecido na convocatoria e nas súas bases reguladoras.

11º.- Con data 16 de setembro de 2024 Intervención emite informe onde sinala que “*Dado que no devandito informe proposta, expónse que non consta no expediente ningunha petición de reformulación, renuncia ou alegacións, remitímonos o informe de Intervención (CSV: C57Y2RW0.A95SMB5J) de data 28 de agosto de 2024, no que se informa favorablemente a tramitación dos expedientes, agás o disposto no apartado das observacións”.*

• LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente



De acordo có exposto, e ao amparo do artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

I. Conceder subvención ás entidades xuvenís e grupos informais para a posta en marcha de iniciativas de interese social dirixidas á xuventude en 2024 que figuran no ANEXO I (CSV N° CLZ7D3TH2OPBCRZ2), polo importe que se indica para cada unha delas, a cuxo importe total ascende á cantidade de 77.038,80 € euros que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024.

II.- Desestimar as solicitudes e denegar por tanto a concesión de subvención ás entidades e grupos informais figuran no Anexo II do expediente, con expresión dos motivos (CSV 56IW7GM8Q90EIP9X).

III.- Notificar o presente acordo xunto cos seus anexos, ás entidades solicitantes e representantes dos grupos informais mediante a súa publicación na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>) e na páxina web <http://www.depo.gal>, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

3.34199.- CONCESIÓN DE AXUDA PARA AUMENTAR O FINANCIAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-001599 “INSTALACIÓN DE AEROTERMLA SOSTIBLES II: INSTALACIÓN DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES”; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.I4 «PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000), E APROBACIÓN DA ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA. (Eppte.2021052872)

ANTECEDENTES

- Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2021006460, de 29/10/2021, aprobouse o “*acuerdo entre Beneficiarios entre la Diputación de Pontevedra y los ayuntamientos de Catoira y As Neves para el proyecto singular “Instalaciones de aerotermia sostenibles II: Instalaciones de aprovechamiento de la energía aerotérmica en los municipios de Catoira y As Neves” de energía limpia en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), en el marco del Programa de Regeneración y Reto Demográfico del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*”



- O 04/11/2021, mediante a RP núm. 202106568, aprobouse o citado proxecto singular para a súa presentación ás axudas do Instituto de Diversificación y Ahorro Energético (IDAE).
- Na data 28/09/2022, mediante a RP núm. 202206896, aceptouse a “*propuesta de Resolución Provisional de concesión de ayuda, de la Secretaría General del IDAE, al proyecto número PR-D5000-2021-001599 denominado “Instalaciones de aerotermia sostenibles II: Instalaciones de aprovechamiento de la energía aerotérmica en los municipios de Catoira y As Neves” por un importe de ayuda a otorgar de 102.821,19€, financiada con el marco Europeo de Recuperación y Resiliencia*”.
- Mediante o acordo núm. 4.32216, de 28/10/2022, a Xunta de Goberno aceptou a axuda concedida polo IDAE ao devandito proxecto PR-D5000-2021-001599 e, así mesmo, aprobou a concesión dunha axuda de 5.250,04€ correspondente á achega provincial para o financiamento do proxecto a desenvolver no termo municipal das Neves.
- Mediante a RP núm. 2022009062, de 20/12/2022, aprobouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello das Neves para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, a actuación de referencia.
- Ambas administracións asinaron o 23/12/2022 o citado convenio de colaboración.
- Na cláusula terceira do convenio, denominada "Importe e financiamento", establécese o seguinte:

“(…) No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

<i>Concello</i>	<i>Investimento elixible admitido</i>	<i>Axuda IDAE outorgada</i>	<i>Achega do Concello</i>	<i>Achega da Deputación de Pontevedra</i>
<i>As Neves</i>	<i>65.625,56€</i>	<i>55.781,72€</i>	<i>4.593,80€</i>	<i>5.250,04€</i>

A Deputación comprométese a achegar para a realización das actuacións nos Concellos descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a cinco mil douscentos cincuenta euros con catro céntimos de euro (5.250,04€) consignados na aplicación 22/942-1700-652.15/2021, dentro do proxecto de gastos codificado como “investimentos xestionados para Concellos (Proxectos EBC IDAE – Eficiencia Enerxética)”.

O Concello financiará o importe restante, é dicir, catro mil cincocentos noventa e tres euros con oitenta céntimos de euros (4.593,80€), que se ingresará antes de que finalice o mes de marzo do 2023 coa fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. (…)

- As actuacións destinadas ao municipio das Neves licitáronse dúas veces conforme ao indicado na memoria de subvención, quedando en ambas deserta por ser un orzamento moi inferior ao necesario e que non se axustaba aos prezos de mercado. Ante esta situación a Deputación e o Concello das Neves deciden reformular o proxecto técnico co compromiso de achegar os importes necesarios para financiar a diferenza do orzamento de execución, manténdose invariable a achega do IDAE.



- Na data 12/07/2024 consta a entrada na Sede electrónica desta Deputación (núm. rexistro WEB2024046580, asociado ao expte. 2023007806) do proxecto técnico reformulado, redactado polo enxeñeiro industrial Fernando Pérez Albalate, e asinado nesa mesma data, da actuación denominada “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable no Concello das Neves e Centro Cultural” a desenvolver no Concello das Neves.
- O orzamento do proxecto reformulado ascende a 129.500,83€ (con IVE), polo que aumenta en 67.009,17€ respecto do proxecto inicial (62.491,66€). Esta diferenza económica, ao manterse invariable a axuda do IDAE, finánciase entre o Concello e a Deputación Provincial mantendo as porcentaxes iniciais de financiamento polo que lle corresponde ao Concello das Neves incrementar a súa achega inicial en 31.270,96€ e á Deputación chegar os 35.738,21€ restantes.

O novo financiamento da actuación recóllese na seguinte táboa:

Investimento	IDAE	Concello das Neves	Deputación de Pontevedra
132.634,73€ (129.500,83€ proxecto + 3.133,90€ honorarios)	55.781,72€	35.864,76€	40.988,25€

- Mediante a RP núm. 2024006436, de 02/08/2024, a Deputación concede ao Concello unha subvención de 31.270,96€ para financiar o aumento da achega municipal, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 (expte. 2024050926), quedando condicionada á aprobación dunha addenda ao citado convenio de colaboración que reflecta as modificacións producidas no financiamento do convenio.
- O Concello das Neves presenta na sede electrónica da Deputación na data 02/08/2024 un certificado do acordo do Pleno municipal desa mesma data no que se dá conformidade ao citado proxecto reformulado asinado o 12/07/2024 (núm. rexistro WEB2024050227, asociado ao expte. 2023007806).
- A xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente en data 11/09/2024 e Intervención emite informe favorable en data 18/09/2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de Ayudas para inversiones a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), en el marco del Programa de Regeneración y Reto Demográfico del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia; destinado a municipios de reto demográfico
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación
- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-001599 “INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES”; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.I4 «PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Procedencia da addenda

- Artigo 48.5 da LRXSP, que dispón que os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia del convenio. En consonancia con anterior o artigo 49.d) dispón entre o contido mínimo dos convenios, as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte e a súa distribución temporal por anualidades.

Competencia para resolver

- En virtude do reparto de competencias recollido no artigo 35 da LRBRL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado preséntase antes de que remate o prazo de execución das actuacións e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

O orzamento do proxecto reformulado aumenta en 67.009,17€ respecto do proxecto inicial, comprometéndose o Concello das Neves e a Deputación a financiar esa diferenza económica con 31.270,96€ e 35.738,21€, respectivamente.

Toda vez que xa se concedeu por parte da Deputación ao Concello das Neves unha subvención de 31.270,96€ para financiar o incremento da achega municipal ao abeiro do Plan + Provincia 2024 (expte. 2024050926), a Deputación debe aprobar a concesión da subvención que lle corresponde da achega provincial por un importe de 35.738,21€.

Así mesmo, cómpre a sinatura entre as dúas administracións dunha addenda ao convenio de data 23/12/2022 para reaxustar o financiamento da actuación motivado polo novo orzamento e propónse engadir o seguinte texto á cláusula terceira do convenio:

“Tendo en conta o proxecto reformulado asinado o 12 de xullo de 2024, o custo total da actuación ascende a 132.634,73€ (129.500,83€ de execución de obra e 3.133,90€ de honorarios técnicos) e o seu financiamento detállase na seguinte táboa:

<i>Investimento</i>	<i>IDAE</i>	<i>Concello das Neves</i>	<i>Deputación de Pontevedra</i>
<i>132.634,73€</i>	<i>55.781,72€</i>	<i>35.864,76€</i>	<i>40.988,25€</i>

A Deputación comprométese a achegar o importe de 40.988,25€, consignados nas aplicacións orzamentarias 24/942.1700.652.15/2021 (5.250,04€) e 24/942.1700.652.15 (35.738,21€), dentro do proxecto de gastos codificado como “Investimentos xestionados para Concellos (Proxectos EBC IDAE – Eficiencia Enerxética)”.



O Concello das Neves financia a cantidade de 35.864,76€. Consta o ingreso de 4.593,80€ realizado polo Concello na conta bancaria da Deputación o 26 de decembro de 2022 e os restantes 31.270,96€ fináncianse coa subvención concedida ao Concello das Neves pola Deputación o 2 de agosto de 2024 no marco do Plan + Provincia 2024 (expte. 2024050926)."

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión da axuda de 35.738,21€ para aumentar o financiamento da achega provincial do proxecto PR-D5000-2021-001599 "Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves", debido ao incremento do orzamento do proxecto reformulado.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 35.738,21€ na aplicación 24/942.1700.652.15 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Aprobar a addenda para a adecuación financeira do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-001599 "INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES"; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.I4 "PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RETO DEMOGRÁFICO", A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000).
O texto da addenda figura co CSV: YK6DZL0TC5EF2BCI
Toda vez que non consta a aprobación do texto da addenda polo Concello das Neves, a súa sinatura condiciónase á aprobación desta polo órgano competente municipal.
- Darlle traslado do presente acordo ao IDAE, ao *Concello das Neves*, á Intervención Provincial, ao Servicio de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.34200.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO PATROCINIO DEPORTIVO DO CAMPIONATO DE EUROPA DE VELA NA CLASE 6 MR. (Expte.2024056689)

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36.1.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, e así mesmo o artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Entre os obxectivos que inclúe a Lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as Deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Así mesmo, a Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, define o contrato de patrocinio publicitario como “aquele polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

A técnica de patrocinio pode definirse como un instrumento de comunicación comercial que conecta directamente á organización que patrocina, neste caso a Deputación de Pontevedra, cun acontecemento atractivo para os seus intereses institucionais, logrando así impacto entre un público determinado previamente definido que lle resulta de interese para conseguir os obxectivos fixados no seu plan de comunicación.

En base ao exposto, o xefe do servizo de Cultura, co visto e prace da vicepresidenta segunda da Deputación de Pontevedra, propón mediante providencia de inicio, de data 23 de agosto de 2024, a contratación do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR que se celebrará no Concello de Sanxenxo entre os días 27 de setembro ata o 5 de outubro, coa única empresa que conta cos dereitos en exclusividade para a organización do Campionato, Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621). Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas e certificado de exclusividade (CSV: BUSRSOME3PLJE8ZK).

Visto que con data 27 de agosto de 2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400187140 polo importe de 125.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 28 de agosto de 2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 28 de agosto de 2024, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 28 de agosto de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Tendo en conta o informe da Intervención, de data 12 de setembro de 2024, que indica o seguinte:

“OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS

1.- Xustificación do prezo proposto

A determinación do importe da contratación proposta esixe unha valoración da prestación económica a abonar, que nun contrato de patrocinio se entende referenciado á valoración do retorno publicitario.

O prezo proposto non pode exceder da valoración do retorno e debe xustificarse en función do mercado.

En relación a isto, se ben, ao parecer, o prezo proposto non supera o valor do retorno, advírtese da falta duns criterios obxectivos para a determinación do mesmo, o prezo do contrato debería determinarse en base a parámetros obxectivos e cuantificables. A correcta valoración do retorno esixiría un maior detalle a incorporar nun estudo económico avaliado e conformado polo Servizo ou elaborado por unha empresa especializada contratada pola Deputación de Pontevedra, con desglose dos medios de difusión e valoración económica dos impactos publicitarios e do conseguinte valor de retorno para esta Deputación.

2.- Outras observacións

O contrato de patrocinio ten natureza xurídica de contrato publicitario (art. 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeneral de publicidade). A causa do contrato de patrocinio (a necesidade da Deputación) é con carácter preferente, a colaboración do patrocinado e a súa actividade na publicidade da Deputación, ao tempo que co prezo do contrato se axuda ao financiamento da súa actividade.

Neste senso a publicidade institucional so se poderá realizar entre outros supostos, cando existan razóns de interese público que afecten a asuntos da competencia da Deputación e para dar a coñecer dereitos, deberes, servizos e actividades á cidadanía, programas e actuacións públicas de relevancia e interese social ou recursos turísticos da provincia.

En relación ao establecido nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2023001138 que establece que “Con carácter xeral o “retorno publicitario” implícito en todo patrocinio debe ir máis aló da mera inserción do nome ou logotipo da Deputación, resultando recomendable que se publicite a imaxe da provincia ou dos seus territorios (os seus valores históricos, culturais, deportivos, sociais, turísticos, etc.), ou a actividade prestacional despregada pola Deputación para posibilitar o seu coñecemento pola cidadanía, de acordo cos obxectivos fixados no artigo 3 da Lei 29/2005”, na providencia de inicio do expediente ponse de manifesto a singularidade do evento e que o beneficio de realizar este patrocinio ven xustificado por tratarse dun evento único concedido ao Real Club Náutico de Sanxenxo pola ISMA (International Six Meter Association) contando co aval da Real Federación Galega de Vela e do Consello Superior de Deportes, que fará ca provincia de Pontevedra se converta na capital da Vela a nivel europeo e no escaparate idóneo da nosa provincia e das nosas rías.

Sinalar non obstante que, con carácter previo ao recoñecemento da obriga e pago do patrocinio, deberá achegarse unha memoria do desenvolvemento da actividade xunto cos documentos que acrediten o efectivo cumprimento das medidas de publicidade e promoción comprometidas.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente coas observacións e recomendacións sinaladas anteriormente agás, no que respecta ao indicado no punto 1 (Xustificación do prezo proposto).”



Tendo en conta que, con data 12 de setembro de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o privado e que o procedemento a aplicar é o procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), sendo este o procedemento ordinario (art. 131.2 LCSP).

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 13/2012 define con precisión a figura do contrato de patrocinio realizado por unha Administración Pública, no seguinte sentido:

“Tiene por objeto una publicidad de carácter indirecto que se ha dado en llamar «retorno publicitario», y que consiste fundamentalmente en que el patrocinado permite que el patrocinador haga pública su colaboración económica en la actividad del patrocinado y también, si así se estipula, en que el patrocinado realice comportamientos activos con esa misma finalidad. El patrocinador a cambio disfruta de la notoriedad y de la resonancia de la actividad que desarrolla el patrocinado, con el fin de incrementar entre el público el conocimiento de su nombre o marca y de favorecer su imagen.

El patrocinado es una persona física o jurídica que no necesariamente tiene que desarrollar una actividad profesional, al contrario de lo que ocurre en el contrato de publicidad que se concierne con una agencia publicitaria, o en el contrato de difusión publicitaria, en el que el contratista necesariamente es un medio de difusión.

El contrato de patrocinio, aún en el caso de ser celebrado por una Administración Pública, tiene la consideración de contrato privado, pues el patrocinado, como se ha expuesto anteriormente no es una empresa dedicada a los servicios publicitarios, lo que excluye la posibilidad de considerarlo como contrato administrativo de servicios, y tampoco puede ser considerado como un contrato administrativo especial, ya que no resulta vinculado al giro o tráfico”.

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no Informe 7/2018, entende que neste caso non estamos ante un contrato de servizos, senón ante un contrato privado dos do artigo 26.1a) da LCSP, xa que o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como administrativo de servizos e tampouco pode ser considerado como administrativo especial, xa que as súas prestacións non están vinculadas ao xiro ou tráfico da administración, non satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública específica. Asemade, conclúe que a súa adxudicación pode facerse mediante un procedemento negociado sen publicidade ao amparo artigo 168a) 2º da LCSP, ou tratarse como contrato menor.

Outro aspecto relevante nos contratos de patrocinio é a valoración do retorno que coa actividade se consegue pola Deputación. Neste sentido a Sentenza de 22.01.2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 de Oviedo anula un contrato de patrocinio por tratarse dunha subvención encuberta xa que non se trataba realmente dun contrato de patrocinio (incoado mediante un procedemento negociado sen publicidade), senón que se pretendía apoiar unha determinada actividade que a administración consideraba favorable para os intereses públicos.

Considerando a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade define no artigo 22 contrato de patrocinio publicitario como aquel por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador. Polo tanto, o patrocinado non exerce a publicidade como actividade profesional, senón que a súa contraprestación se centra na realización da súa actividade, durante a que leva a cabo a publicidade e a cambio recibe unha contraprestación económica.



Considerando o artigo 26 LCSP, os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.^a e 2.^a do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR.

O prazo de duración comprende dende a formalización do contrato ata a finalización do evento, o día 5 de outubro de 2024.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 125.000,00 euros.

O valor estimado é de 103.305,79 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: JNU023K00W8ZBPB4) e de prescricións técnicas (CSV: WGWZQTLTMUKI217C) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 125.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.



4.- Nomear responsable do contrato á xefatura da sección de Deportes da Deputación de Pontevedra; ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato e dar traslado desta resolución acompañada dunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas á Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), invitándoa a presentar proposición no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contando desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

5.34201.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 08/2021 DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA, DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA SOLUCIÓN PARA O CONTROL DE PRESENZA DOS EMPREGADOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024031182)

Actualmente a Deputación de Pontevedra dispón dunha solución adquirida no ano 2011 para a xestión do control de presenza do persoal. Esta ferramenta foi adquirida en propiedade e coa súa infraestruturas desplegada nos centros de proceso de datos locais dela Deputación de Pontevedra (on-premise). Este produto atópase actualmente descatalogado por parte do fabricante e por este motivo non dispón de ningún contrato de soporte e mantemento asociado. Nestes últimos anos, ante o elevado número de incidencias que xera o sistema e a imposibilidade de xestionalas en tempo real expúxose, en vistas á finalización do actual contrato e descatalogación do produto, a posibilidade de adquirir unha nova solución capaz de adaptarse ás necesidades actuais do Servizo de Recursos Humanos e Formación e dos distintos centros e servizos dependentes, tendo en conta a implantación do teletraballo e a necesidade de axilizar os tempos de resposta, mellorar a programación de quendas de traballo, control de ausencias, maior implicación do persoal supervisor, entre outras. Dada a evidente relevancia que esta solución ten para a organización e a situación de discontinuación do produto por parte do fabricante, requírese a contratación dun novo servizo de Control de Horarios para o persoal funcionario e laboral da Deputación de Pontevedra, que deberá permitir a migración dos datos que sexan necesarios, dispoñibles na solución actual da Deputación, a unha nova solución provista en modo servizo por un provedor externo en modo Software As a Service (SaS).

Dado que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente esta contratación, xa que non conta con persoal especializado nesa materia, é necesario acudir a unha contratación externa. Por outra banda, realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) (<https://administracionelectronica.gob.es/ctt/solucionesTodas.htm?verTodas=true#.YIITIGaP6Uk>) e aínda que figura a aplicación TRAMA (Tramitación de permisos e incidencias y control de presencia) este non contempla a validación do control de presenza mediante terminais de fichaxe, sendo necesario realizalo mediante ordenador persoal (equipo non dispoñible para todo o persoal), ademais de ter que contratar a maiores todas as integracións cas aplicacións de contabilidade, recursos humanos e xestor de expedientes de administración electrónica.



As actividades do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra realiza as súas funcións administrativas e técnicas no marco das competencias recollidas no art. 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

En base ao exposto, con data 15/05/2024, a Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital e Cooperación Local, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, emite Providencia de Inicio na que propón a contratación da subministración dunha solución para o control de presenza dos empregados da Deputación de Pontevedra, mediante a Central de Contratación do Estado. A Deputación de Pontevedra adhiúrese, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda, e figura actualmente adherido ao Acordo Marco 08/2021 “subministración de elementos e sistemas de seguridade”, polo que para a presente adquisición optárase polo lote 1 (sistemas de control de accesos e presenza, circuíto pechado de televisión e contra intrusión e anti furto) do citado acordo, o que implica a realización dun procedemento de adxudicación con segunda licitación.

O contrato proposto ten un prazo de duración total de 4 anos dende a súa formalización, sen preverse prórrogas, e un orzamento base de licitación de 322.053,60 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o documento de retención de crédito.

Visto que con data 20/05/2024, Intervención emite documento de retención de crédito número 202400109327 polo importe de 26.837,80 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202400109329, polo importe de 80.513,40 €, con cargo á mesma aplicación orzamentaria, quedando condicionado en todo caso o gasto para os exercicios futuros á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais e á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, a 25/926.9260.206.00 (80.513,40 €), a 26/926.9260.206.00 (80.513,40 €), a 27/926.9260.206.00 (80.513,40 €) e a 28/926.9260.206.00 (53.675,60 €)

Visto o informe complementario á Providencia de Inicio emitido polo servizo xestor, de data 27/05/2024.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de documento de segunda licitación e, con data 31/05/2024, solicita o preceptivo informe previo ó Ministerio de Facenda.

Visto o informe previo desfavorable emitido polo Ministerio de Facenda, de data 14/06/2024.

Visto que, tralas oportunas correccións, solicítase novamente o preceptivo informe con data 18/06/2024.

Visto o informe previo favorable emitido polo Ministerio de Facenda, de data 27/06/2024.

Visto que o servizo de Contratación, unha vez informado favorablemente o documento de segunda licitación polo Ministerio, con data 01/07/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 08/07/2024 (CSV: 7XVVMR829Q8F2DXPU)

Visto que con data 09/07/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe complementario emitido polo servizo de Novas Tecnoloxías, de data 06/08/2024.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 16/09/2024 (CSV: LFL0KMCQ3BAO1NW7)

Tendo en conta que, con data 16/09/2024 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato baseado nun Acordo Marco, e o procedemento a aplicar é o regulado no no Acordo Marco 08/2021.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (...)”, e no punto 4 establece que “Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante un contrato baseado no acordo marco 08/2021 do sistema estatal de contratación centralizada, da subministración dunha solución para o control de presenza dos empregados da Deputación de Pontevedra.

O prazo de duración do contrato será de 4 anos, contado desde a data de formalización do contrato, sendo os dous primeiros meses o prazo máximo para a entrega das subministracións.

Non se establecen prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 322.053,60€. O valor estimado é de 266.160,00 euros.



- 2.- Aprobado o documento de segunda licitación (CSV: G8FRE1546I1AR8V9), que rexerá dita contratación.
- 3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 322.053,60 euros, dos cales a cantidade de 26.837,80 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial; a cantidade de 80.513,40 euros con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias dos anos 2025, 2026 e 2027 que serán, no seu caso, a 25/926.9260.206.00, 26/926.9260.206.00 e 27/926.9260.206.00; e a cantidade de 53.675,60 € con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2028 que será, no seu caso, a 28/926.9260.206.00. En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2025, 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais. O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.
- 4.- Nomear responsable do contrato a Damián Rey Rodríguez, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.
- 5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao do envío das invitacións.

6.34202.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGUIMENTO DA COMPOSTAXE INDIVIDUAL E MANTEMENTO DA COMPOSTAXE COMUNITARIA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte.2021027231)

Na sesión ordinaria do día 15 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou os tres lotes do contrato de “*Servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia de Pontevedra*” á empresa SM Sistemas Medioambientales SL (CIF B-61.461.810), polos prezos unitarios e as porcentaxes de baixa reflexadas no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo para o lote 1 e 3 de data 12 de novembro de 2021 e para o lote 2 de data 15 de novembro de 2021, sendo o prazo de duración de dous anos contados desde o día 15 de novembro de 2021, con posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 29 de setembro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “*Servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia de Pontevedra*” dende o 15 de novembro do 2023 ata o 14 de novembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Con data 27 de agosto de 2024, o responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 15 de novembro do 2024 ata o 14 de novembro do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 13 de agosto de 2024 (data de comparecencia: 13/08/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 06 de setembro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 13 de setembro do 2024 (CSV: W4F1C19JIR8CSOSE), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia de Pontevedra” por un ano, desde o 15 de novembro do 2024 ata o 14 de novembro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 15 de novembro do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de *“Servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia de Pontevedra”* subscrito para os tres lotes coa empresa SM Sistemas Medioambientales SL (CIF: B61461810), durante o período desde o 15 de novembro do 2024 ata o 14 de novembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Lote	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (1,5 meses)	1	24/923.1623.227.07	32.687,85 €
	2		8.621,21 €
	3		18.105,72 €
2025 (10,5 meses)	1	25/923.1623.227.07	228.814,93 €
	2		60.348,48 €
	3		126.740,05 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

7.34203.- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN DE MULLERES DE MOAÑA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2024 E CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN DE PALILLEIR@S DE MOS (EXPT.E.2023075714)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 30 de xaneiro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2024 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 22 de 31 de xaneiro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2024. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 31 solicitudes e a exclusión de 32 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.



Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de Mulleres de Moaña (Expediente 2024009540) presenta renuncia ao curso de “Os cinco sentidos postos en min. Obradoiro de autocoidado” con data 06/09/2024 e número de rexistro WEB2024056840.

Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2024, sendo a Asociación de Palilleir@s de Mos, con CIF G27804632, a situada de primeira na lista de agarda.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia presentada pola Asociación de Mulleres de Moaña (CIF: G36181519) e nº de expediente 2024009540.
2. Adxudicar á Asociación de Palilleir@s de Mos (CIF G27804632) e nº de expediente 2024014364, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2024.

8.34204.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTE.2024062606)

Vista a relación de facturas con número 2024062606, que contén 24 facturas e por un importe de 19.423,78€ e con CSV: 379YYKZQPINVLWHY, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/09/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	19.547,28€
Descontos do IRPF.....	123,50€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	19.423,78 €



9.34205.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE.2024062605)

Vista a relación de facturas con número 2024062605 que contén 1 factura e por un importe de 580,80 € e con CSV: SMQMXR825W5CK66Z, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/09/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	580,80 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	580,80 €

10.34206.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE MUROS DE CONTENCIÓN CAMIÑO DA MILLARA (GÁNDARA-TAMEIGA) E CAMIÑO DA MURALLA, A FURNA (CASALMORTO-PEREIRAS)”, INCLUÍDO NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 1 INVESTIMENTOS. CONCELLO DE MOS (EXPTE. 2024020884)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- En data 21/06/2024, mediante acordo da Xunta de Goberno número 11.33946, concedeuse ao *concello de Mos*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención para o financiamento do investimento “PROXECTO DE MUROS DE CONTENCIÓN CAMIÑO DA MILLARA (GÁNDARA-TAMEIGA) E CAMIÑO DA MURALLA, A FURNA (CASALMORTO-PEREIRAS)” (expediente: 2024020884) por importe de 127.315,67 €, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- O *concello de Mos*, en data 04/09/2024 presenta instancia por rexistro WEB2024056122 na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto dado que detectaron un erro no sumatorio do capítulo 2º do Lote 1, C02 MURO DE CONTENCIÓN, procedendo o *Concello* a súa rectificación.



- O *Concello* sinala que as modificacións introducidas no capítulo C02 MURO DE CONTENCIÓN do Lote 1 do camiño Millara da actuación “*PROXECTO DE MUROS DE CONTENCIÓN CAMIÑO DA MILLARA (GÁNDARA-TAMEIGA) E CAMIÑO DA MURALLA, A FURNA (CASALMORTO-PEREIRAS)*”, non alteran o importe total do seu orzamento nin afectan a súa viabilidade. Estas modificacións son aprobadas polo órgano competente e solicita que se realicen os trámites oportunos para continuar coa tramitación do expediente e o investimento se execute nos termos establecidos polo *Concello*.
- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 09/09/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 09/09/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 09/09/2024 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 16/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a reformulación do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente, polo novo documento técnico, presentado en data 04/09/2024 co rexistro de entrada WEB2024056122, que rexerá a execución do investimento “*Proxecto de muros de contención camiño da Millara (Gándara-Tameiga) e camiño da Muralla, a Furna (Casalmorto-Pereiras)*” (expediente: 2024020884), sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe do orzamento e subvención concedida mediante o acordo adoptado na Xunta de Goberno número 11.33946 do día 21 de xuño de 2024.
- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno número 11.33946 do día 21 de xuño de 2024, permanece invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Mos*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.



11.34207.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.34208.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

13.34209.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

